



PLAN DIGITAL

CIFP A Granxa.

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

1.1 Datos básicos do centro

O CIFP A GRANXA está situado no lugar da Lomba, parroquia de Areas, Concello de Ponteareas, Pontevedra, no punto Km.646 da carreteira N-120. Este centro é de carácter público, tendo por titular á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

O Concello de Ponteareas é un municipio interior, cabeceira da Comarca do Condado, e situado no val do Río Tea.

O Centro sitúase a unha distancia do núcleo de Ponteareas de aproximadamente de 1 km, fora do núcleo urbano nun entorno rural.

O CIFP “A Granxa” caracterízase por ser un centro onde actualmente se imparten ensinanzas de formación profesional con grao básico, medios e superiores, nos réximes ordinario, de adultos e proba libre, tanto presencial como a distancia, así como nos últimos anos a Formación Profesional Dual.

Imparte ciclos formativos da familia de Agraria. da familia de Industrias Alimentarias e da familia de Seguridade e Medio Ambiente.

A oferta formativa do centro inclúe o Accións Formativas para Desempregados e proceso de Acreditación de competencias para a obtención de unidades de competencia do catálogo nacional.

Datos de contacto.

CIFP A Granxa	3607552
Areas s/n 36860 Ponteareas. Pontevedra	
Telf. 886 120 880	
www.edu.xunta.gal/centros/cifpgranxa/	
 Cifp A Granxa Ponteareas	 cifp_a_granxa

Oferta formativa curso 22/23.

Ciclo Básico

- CBAGA01 Agroxardinaría e composicións florais

Ciclo Medio

- CMINA02 Aceites de oliva e viños
- CMAGA01 Producción agroecolóxica
- CMAGA03 Xardinaría e floraría

Ciclo Superior Ordinario

- CSSEA01 Educación e control ambiental
- CSINA01 Vitivinicultura
- CSAGA01 Xestión forestal e do medio natural

Adultos Modular Presencial

- ZSAGA02 Paisaxismo e medio rural
- ZSA GA01 Xestión forestal e medio natural
- ZSINA02 Procesos e calidade na industria alimentaria

Adultos Modular Distancia

- ZSSEA01 Educación e control ambiental
- ZSINA01 Vitivinicultura

Réxime DUAL.

- CMINA02 Aceites de oliva e viños
- CMAGA03 Xardinaría e floraría

Persoal do centro.

Equipo directivo	Directora: M ^a Jesús Pena Fariñas.	
	Vicedirector: David Toural Rodríguez.	
	Xefa estudos: Marjhory Vidal Edreira.	
	Secretaria: Martina Martínez Sabajanes.	
		Compoñentes
Departamentos	Actividades Agrarias	20
	Seguridade e Medio Ambiente	7
	Industrias Alimentarias	13
	FOL	5
Responsable de dinamización de relación con empresas.		1
Departamento de información e orientación profesional.		1
Prácticas e Actividades		4

Profesorado			
Definitivo	Provisional	Interino	Substituto
18	7	23	5

Persoal non docente				
Conserxes	Administrativos/as	Limpadores/as	Persoal comedor	Mantemento
1	1	4	4	12

Alumnado.

CICLOS FORMATIVOS F. P.									
	GRAO BÁSICO	GRAO MEDIO			GRAO SUPERIOR				
Grupo	Agroxardinaría e composicións florais	Aceites de oliva e viños	Producción agroecolóxica	Xardinaría e floraría	Educación e control ambiental	Xestión forestal e do medio natural	Paisaxismo e medio rural	Vitivinicultura	Procesos e calidade na industria alimentaria
1º	13	X	15	15	17	20	X	5	X
2º	10	4	16	12	18	26	3	6	X
DUAL	X	4	X	X	X	X	X	X	X
Modular	X	X	X	X	X	74	31	X	11

Modular									
Distanci	X	X	X	X	152	X	X	102	X
a									
Total	23	8	31	27	187	120	34	113	11

1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Ponteareas actualmente conta con máis de 22.854 habitantes, con un gran crecemento nos últimos anos influído polo desprazamento da poboación da área metropolitana de Vigo. A súa estrutura económica está moi diversificada, tanto na industria como en servizos.

O concello pertence a comarca do Condado, unha comarca eminentemente agrícola-forestal, destacando especialmente a produción madeireira, o viñedo, a horticultura e o viveirismo. Segundo os datos do IGE, Ponteareas contaba con máis do 70% das terras de labradío e pastos permanentes da comarca no ano 2009 e aportando, para o uso forestal, máis do 65% da superficie da comarca.

Deste xeito, a contorna do Centro presenta unha ampla gama de empresas moi vinculadas as ensinanzas que se imparten no centro, merecen especial mención as seguintes actividades:

- Forestal, contando con máis de 8.000 ha. de superficie forestal, das cales unhas 6 mil

corresponden a superficie arborada.

- Hortícola, esta é unha comarca tradicionalmente hortícola, como mostra o número de pequenas empresas establecidas na contorna.

- Viveirismo, destacando o gran desenvolvemento que se está a producir no ámbito da xardinaría.

- As relacionadas cos espazos naturais catalogados dentro do municipio e na súa contorna,

como son: O parque Nacional das Illas Atlánticas, Parque natural do Monte Aloia ou os

espazos incluídos na Rede Natura 2.000 do Río Tea, As Gándaras de Budiño e o Estuario do Miño.

- Viticultura, Ponteareas está no enclave da DO Rías Baixas na subzona Condado do Tea, isto

fai que proliferen moitas adegas contribuíndo esta actividade de xeito moi importante ao

desenvolvemento da comarca.

A dixitalización no sector das industrias alimentarias onde o control dos procesos na busca de calidade, seguridade alimentaria e trazabilidade é xa a día de hoxe unha obriga nas empresas así como a crecente dixitalización dos sectores agrarios e forestais fai que as empresas precisen que os seus futuros empregados dispoñan dunhas competencias básicas nestes aspectos. O Centro, non pode polo tanto obviar esta demanda e vese comprometido a formar aos seus alumnos nestas competencias e por suposto o primeiro paso para facer efectivo este compromiso, pasa pola formación e actualización das competencias dixitais do profesorado con destino no centro.

Este compromiso, xa ven sendo reflectido no Plan Anual do Centro en cursos anteriores, así recóllense coma obxectivos:

- Potenciar a formación continua do Profesorado de FP
- Promover e incentivar a participación en actividades de Innovación.
- Mellorar a capacidade dixital de centro con repercusión no alumnado.

- Facilitar a inserción do profesorado novo no CIPP.

O compromiso do Centro coa dixitalización vese reflectido de igual xeito no Plan Anual do presente curso, coas modificacións e actualizacións que se consideran oportunas, e coa implementación deste Plan Dixital.

1.3 Breve xustificación do mesmo

Ademais da contextualización debida a realidade socioeconómica do Centro, débese contemplar a normativa en relación co Plan Dixital, polo que se ten presente na redacción deste documento:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4 Proceso de elaboración

Este Plan Dixital foi elaborado por un grupo de traballo de profesionais docentes do Centro dentro do PFFP e co asesoramento da Rede Dixital (grupos Adix).

O emprego da ferramenta SELFIE e do test CDD permitiu obter unha “instantánea” de cal era a situación do Centro no aspecto dixital no momento de afrontar a redacción do mesmo. A análise dos resultados, xunto co coñecemento do propio Centro dos membros do Grupo de traballo permitiu establecer unha serie de Fortalezas, Debilidades, Ameazas e Oportunidades que se reflectiron na análise DAFO.

A partir desta análise establécense unha serie de obxectivos considerados coma prioritarios e que se plasmaron no Plan de Acción xunto coas accións precisas para súa consecución, os valores de partida, a súa temporalización e os indicadores do grao de consecución dos mesmos.

En calquera caso o Plan debe estar sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro. conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).*

No Centro dispónse de rede de datos mediante fibra óptica, un rack principal de 19b e cableado de cobre en aulas, departamentos, oficinas e administración que alimenta os PC's impresoras e puntos de acceso WIFI.

Os talleres dispoñen de instalación interior cableada, electrónica de rede e puntos WIFI pero estes non teñen punto de conexión de fibra óptica.

A rede WIFI (edu.xunta.gal) é accesible en aularios, oficinas, biblioteca, salón, departamentos e laboratorios.

Disponse de rede de voz (telefono de voz IP) en departamentos e oficinas.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos.**

As 15 aulas do Centro dispoñen de equipos multimedia e proxección de vídeo. Contase ademais con 2 aulas de informática con 1 posto para profesor e 20 para alumnado xunto con equipo de proxección de vídeo na aula de informática “Videoconferencia” e 1 posto para profesor e 17 para alumnos e equipo de proxección na aula “Informática Salón”.

A aula tecnolóxica Forestal conta con PC e monitor, unha pantalla táctil de 75” e dous simuladores forestais, un deles portátil. Conta ademais con dúas forcímulas con conexión bluetooth e dous hipsómetros con transferencia de datos remota.

Polo que respecta aos laboratorios; tanto o Laboratorio de Agraria como o laboratorio de Microbioloxía contan con PC, monitor e microscopio con cámara. Non dispón de equipos propios o laboratorio de Alimentos.

O centro conta con dúas gafas de realidade aumentada para a simulación de procesos de comercialización e poda en altura, o software atopase en fase de desenvolvemento.

A biblioteca dispón de 1 posto para o responsable, onde se realiza a xestión dos empréstamos, 4 postos para uso do alumnado e 2 equipos portátiles.

A sala de Audiovisuais dispón de ordenador portátil e proxector de vídeo.

Contase con 12 equipos portátiles depositados en conserxería para o seu uso como aula móbil.

Os departamentos contan con postos para o profesorado e responsables das coordinacións segundo as necesidades de cada un deles, así: Agraria 15 postos, Alimentaria 6 postos, Seguridade e Medio Ambiente 3 postos, Orientación 1 posto, FOL 3 postos, FCT e Programas Internacionais 2 postos, Calidade e Acreditación 2 postos, Residencia 1 posto e Sala de reunións 1 posto.

Finalmente o Viveiro de empresas do Centro conta con 3 postos informático, pero que a día de hoxe precisarían renovación polas súas características técnicas.

- **Servizos dixitais educativos.**

O centro dispón de sitio web (www.edu.xunta.gal/centros/cifpgranxa/) e aula virtual, o servizo de aula virtual obriga ao alumnado a dispoñer dun usuario autorizado.

As comunicacións oficiais co alumnado e familias realizase a través do *espazoAbalar* e *Abalarmóbil* preferentemente, para isto os alumnos ou as súas familias deben dispoñer de conta.

Como servizo de videoconferencia empregase a aplicación WEBEX.

Para comunicar e publicitar diferentes accións realizadas polo centro ou de interese para o alumnado tamén se empregan as redes sociais, dispoñendo o Centro de usuario en Facebook e Instagram.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

O equipamento mantense, en primeira instancia, por persoal de mantemento do centro (non especialista) as incidencias non resoltas deste xeito xestionanse a través da UAC.

O mantemento das máquinas copiadoras xestionase a través dunha empresa externa.

- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.*

O plan de Continxencia previsto en caso de ter que suspender a presencialidade polo COVID19 pódese consultar no ANEXO XXIV Plan de continxencia Covid 19 do Plan Anual 21-22 do CIFP A Granxa.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO apoiámonos en dúas técnicas, unha cuantitativa e outra cualitativa. A cuantitativa basease nos resultados numéricos que aportan a enquisa SELFIE e o test CDD, a cualitativa basease na experiencia que o equipo de centro ten sobre a realidade propia nas distintas áreas a valorar. Estas dúas técnicas empregadas conxuntamente van axudar a catalogar se os valores acadados indican que se trata de debilidades, fortalezas, ameazas ou oportunidades.

Prestase especial atención a aqueles epígrafes que presentan unha menor e maior puntuación, así como naqueles nos que existe unha dispersión de valores significativa entre grupos.

Resumo das áreas do informe SELFIE.

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Directivo	2,9
	Profesorado	2,9
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2,8
	Profesorado	3,0
	Alumnado	2,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	4,2
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,0
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,1
	Profesorado	3,9
	Alumnado	3,7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	2,7
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,7
	Profesorado	3,0
	Alumnado	2,9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,4
	Profesorado	3,5
	Alumnado	3,0

Resumo test CDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	20	20%
PROVISIONAL	5	9	55,6%
INTERINO	11	24	45,8%
SUBSTITUTO	3	7	42,9%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P	72,5	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1 (Principiante)	1	4,3%
A2 (Explorador/a)	9	39,1%
B1 (Integrador/a)	9	39,1%
B2 (Experto/a)	2	8,7%
C1 (Lider)	1	4,3%
C2 (Pioneiro/a)	1	4,3%
TOTAL	23	99,80%

Outras Fontes.

Resultados globais do informe SELFIE nos centros educativos de Galicia.

ÁREAS	Grupos de usuarios	Tipo de centro				
		CIFP	CPR	EASD	EFAG	IES
A- Liderado	Equipo directivo	3,14	3,27	2,90	3,30	3,13
	Profesorado	3,00	3,50	2,50	2,90	3,20
	Alumnado					
B- Colaboración e Redes	Equipo directivo	3,20	3,29	4,00	3,20	3,07
	Profesorado	2,87	3,38	2,70	3,20	2,99
	Alumnado	2,76	3,26	2,70	3,05	2,95
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo directivo	3,36	3,71	3,20	2,95	3,47
	Profesorado	3,13	3,56	3,00	2,80	3,28
	Alumnado	3,60	3,67	4,00	3,25	3,60
D- Desenvolvemento Profesional continuo	Equipo directivo	3,75	3,51	3,90	3,35	3,74
	Profesorado	3,34	3,58	3,20	3,00	3,43
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoios e recursos	Equipo directivo	3,83	4,00	4,20	3,75	3,74
	Profesorado	3,94	4,18	3,80	4,05	3,95
	Alumnado	3,89	4,17	4,10	4,15	4,05
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo	3,36	3,53	3,80	3,45	3,30
	Profesorado	3,45	3,76	3,50	3,80	3,80
	Alumnado	3,36	3,62	3,30	3,40	3,38
G- Prácticas de Avaliación	Equipo directivo	3,14	3,46	2,90	3,25	3,27
	Profesorado	3,09	3,31	3,90	3,20	3,10
	Alumnado	2,98	3,33	2,80	2,80	3,10
H- Competencias dixitais do Alumnado	Equipo directivo	3,33	3,63	4,20	3,50	3,41
	Profesorado	3,23	3,83	3,40	3,60	3,42
	Alumnado	3,06	3,58	3,10	3,15	3,30

Valores medios obtidos para cada unha das áreas e grupos de usuarios en todos os centros educativos que realizaron o SELFIE para a etapa de Formación Profesional segundo tipoloxía de centro.

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- Disponibilidade de equipos para préstamo e uso no centro. - Disponibilidade acceso a internet no centro.	- Descoñecemento por parte do alumnado da existencia de equipos en préstamo.
	PERSONAL DOCENTE	- O profesorado dispón de posibilidades de DPC no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. - O profesorado emprega habitualmente recursos educativos extraídos da rede.	- O profesorado amosa falta de tempo para explorar métodos de ensino dixital. - O profesorado fai unha escasa utilización de recursos educativos abertos. - O profesorado propón poucos medios de autoavaliación e interacción entre o alumnado. - Unha parte importante do profesorado presenta competencias dixitais insuficientes.
	PERSONAL NON DOCENTE		- O persoal non docente, non contemplado nas enquisas, posúe unha baixa cualificación dixital.
	ALUMNADO		- O alumnado presenta competencias dixitais insuficientes. - O alumnado fai pouco uso das ferramentas dixitais de autoavaliación e interacción con profesores e compañeiros.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- Emprego de tecnoloxías dixitais para comunicacións relativas ao centro.	- Fallos na comunicación entre equipo directivo - profesorado - alumnado. - O centro non conta con persoal especialista en informática.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		- Acceso limitado de parte do alumnado a dispositivos dixitais axeitados e a conexións estables de internet especialmente no rural. - Baixa competencia dixital das familias.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	- Aumento progresivo do uso das tecnoloxías dixitais no sectores agrario e forestal-industria alimentaria e medioambiental.	- As empresas colaboradoras do centro non participan no desenvolvemento da estratexia dixital.

3. Plan de Acción

Elaborase o Plan de Acción partindo dos indicadores establecidos no DAFO e dos recursos dispoñibles no Centro no momento da redacción do Plan dixital, para iso selecciónase tres obxectivos considerados prioritarios para o Centro.

- *Mellorar a comunicación externa do centro.*
- *Mellorar as canles de comunicación interna no centro.*
- *Mellora da competencia dixital docente.*

Estes obxectivos son: Específicos, medibles, alcanzables, relevantes e atópanse debidamente temporizados (SMART).

Considerase ademais que a consecución destes obxectivos suporá unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles no centro, sen detrimento das posibles melloras ou ampliacións en equipos e procedementos que se podan establecer durante o curso.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Obxectivo 1: *Mellorar a comunicación externa do centro.*

Este primeiro obxectivo englobase na área de mellora **A. Liderado**. Considerase un obxectivo prioritario para o centro e pretende canalizar a **Oportunidade** que supón o *aumento progresivo do uso das tecnoloxías dixitais no sectores de influencia das ensinanzas do Centro xunto coa Ameaza detectada e que revela que as empresas colaboradoras do centro non participan no desenvolvemento da estratexia dixital;* ademais disto debese considerar a **Debilidade** que representa que *o profesorado faga unha escasa utilización de recursos educativos abertos.*

Para acadar o obxectivo considerase precisa a creación dun grupo de traballo que se encargue de elaborar unha serie de guías e/ou protocolos que permitan unha mellor comunicación cos axentes externos ao Centro, así como un mellor uso dos recursos educativos abertos dispoñibles. O valor de partida para este obxectivo é cero, pois non se dispón a data de redacción do plan de ningún dos documentos elaborados ou en elaboración. Pretendese que a data 01/06/2023 estes documentos poidan ser presentados ao Claustro para o seu uso ou a súa revisión se fose preciso.

O responsable final deste obxectivo será a persoa titular da Vicedirección do centro.

Obxectivo 2: *Mellorar as canles de comunicación interna no centro.*

O segundo obxectivo englobase dentro da área de mellora **B. Colaboración e redes**. Mediante a consecución deste obxectivo pretendese afrontar as **Debilidades** detectadas como son que *unha parte importante do profesorado presenta competencias dixitais insuficientes* o que parece provocar que *o profesorado propón poucos medios de autoavaliación e interacción entre o alumnado* e por extensión o alumnado faga pouco uso das ferramentas dixitais de autoavaliación e interacción con profesores e compañeiros. Estimase necesario para a consecución deste obxectivo a creación dun grupo de traballo que permita afondar no manexo da aula virtual do centro.

Ademais detéctanse *fallos na comunicación entre equipo directivo - profesorado - alumnado* que se pretenden solucionar ou cando menos suavizar mediante a implantación dunha zona de profesorado na web do centro e unha implantación eficaz da caixa de suxestións e queixas na propia web.

As accións que se estiman necesarias para a consecución deste obxectivo, pasan pola creación dun grupo de traballo que permita afondar no manexo da aula virtual do centro así como a posta en marcha da caixa de suxestións e a zona do profesorado na web do Centro.

Para medir o grao de consecución do obxectivo medirase, por un lado, a porcentaxe de profesorado que fai uso da aula virtual e por outro lado a operatividade tanto de caixa de queixas e suxestións como da zona profesorado na páxina web. A temporalización será a contemplada na táboa dos obxectivos correspondentes a cada acción. A responsabilidade final sobre a evolución deste obxectivo será da persoa titular da Xefatura de Estudos.

Obxectivo 3: Mellora da competencia dixital docente.

Este terceiro e último obxectivo para este curso englobase dentro da área de mellora E. **Pedagogía: Apoios e recursos.** A pesar de que o profesorado manifesta que dispón de posibilidades de DPC no relativo ao ensino-aprendizaxe, si se aprecia unha carencia de formación nos aspectos relativos ao manexo e coñecemento das aplicacións precisas para a xestión das tarefas diarias do profesorado e non de carácter exclusivamente docente, como pode ser o manexo do XADE ou a aplicación para xestión da Programación. Por isto e as Debilidades que supón que *unha parte importante do profesorado presenta competencias dixitais insuficientes* unido a que *o profesorado amosa falta de tempo para explorar métodos de ensino dixital* estimase oportuno a posta a disposición do profesorado dunha serie de guías que lles permitan afrontar, tanto se se trata de nova incorporación como xa con experiencia no centro, todas as tarefas asociadas a profesión docente e de funcionamento do Centro no momento que precisen coñecer ou recordar algún aspecto referente as mesmas.

O valor de partida para o obxectivo é cero, pois non se dispón a data de redacción do plan de ningún dos documentos elaborados ou en elaboración. Pretendese que a data 01/06/2023 estes documentos poidan ser presentados ao Claustro para o seu uso ou a súa revisión se fose preciso.

O responsable final deste obxectivo será a persoa titular da Vicedirección do centro.

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura dixital.

Posto que os talleres xa contan coa rede de datos interior, considerase oportuno que sexan conectados a fibra óptica para deste xeito poder instalar cando menos un posto para docente de xeito que se poidan realizar tarefas in situ como, control de almacén ou presentar os materiais didácticos que proceda en foto e/ou vídeo.

Equipamento.

Sería desexable que o Centro puidese contar co equipamento que se detalla a continuación de cara a complementar o equipamento xa dispoñible e para afrontar a elaboración de materiais didácticos dixitais para o seu posterior uso docente, na aula ou a través da aula virtual, así como para dar a coñecer as diferentes actividades realizadas no Centro.

- Tablets robustas, con certa capacidade gráfica e posibilidade de conexión (bluetooth) cos equipos dispoñibles para traballo forestal/ agrario de campo.
- Cámara de acción con gravación/ foto 360º que permita a súa fixación en maquinaria e apeiros para a realización de materias didácticos. Así mesmo sería desexable que fose lixeira e puidese fixarse a vestimenta ou equipo para a realización de materiais de poda en altura e gabeo.
- Caixa de luz (foto estudio portátil) que permita realizar catalogo fotográfico de elementos de florería ou produtos alimentarios de cara a implementar tendas virtuais ou exposicións nos módulos correspondentes.

- Cámara fotográfica con capacidade macro para complementar o equipamento anterior e documentar outras actividades propias dos módulos profesionais.
- Equipo de son portátil con micro para empregar nas clases ao aire libre así coma para as charlas e conferencias realizadas no centro.
- Ordenador portátil de certa potencia pero lixeiro e manexable para empregar os equipos de realidade aumentada, pois os dispoñibles no centro presentan dificultades para mover o software.
- Ordenador portátil para o seu uso en bodega e aula para instalación do software de xestión eXpertis.
- Ordenadores portátiles para traballo en aula e que permitan completar os xa existentes no centro e deste xeito non saturar o uso das aulas de informática do centro con forte demanda nos diferentes módulos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": A. Liderado						
1. OBXECTIVO:	Mellorar a comunicación externa do Centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Vicedirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Documentos postos a disposición do persoal docente. -Boas prácticas en redes sociais. -Guía de formato para actividades a publicar polo centro. -Guía dereitos de autor e recursos educativos abertos. -Enquisa as empresas colaboradoras acerca das necesidade dixitais do alumnado FCT.					
Valor de partida	0 documentos relacionados co obxectivo.					
Valor previsto e data	4 documentos creados e postos a disposición dos docentes no repositorio do centro.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Creación dun grupo de traballo para elaborar os documentos.	Xefatura de área CIOP	15/09/2022	Convocatoria e actas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Determinación das tarefas a realizar polo GT	Coordinador/a do grupo de traballo	15/12/2022	Actas e listado de tarefas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Presentación dos documentos ao claustro. Revisión se fose preciso.	Coordinador/a do grupo de traballo	01/06/2023	Documentos e convocatoria de claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B. Colaboración e redes.						
2. OBXECTIVO:	Mellorar as canles de comunicación interna no Centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Vicedirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de participación dos docentes nos foros dos módulos que imparte na aula virtual. Posta en funcionamento da caixa do correo de suxestións e queixas na web do centro. Posta en marcha dunha "zona profesorado" na paxina web do centro.					
Valor de partida	O 60% dos docentes fan uso dos foros dos módulos onde imparten docencia. A páxina web do centro non dispón de caixa de correo de suxestións e queixas operativa.					
Valor previsto e data	O 90% dos docentes escribiu mensaxes nos foros dos módulos dos que son titulares. A caixa de correo indexada na páxina web do centro atopase completamente operativa. Creación dunha zona para profesorado na web do centro.			Marzo 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Creación dun grupo de traballo/ PFPP para afondar no manexo da aula virtual.	Coordinador/a de innovación e formación do profesorado	15/09/2022	Convocatoria e actas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Posta en funcionamento da caixa de correo de suxestións e queixas na web do centro.	Coordinador/a de TIC	01/03/2023	Equipo informático e páxina web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Posta en funcionamento da "zona profesorado" na paxina web do centro.	Coordinador/a de TIC	01/06/2023	Equipo informático e páxina web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos.							
3. OBXECTIVO:	Mellora da competencia dixital docente.					Acadado	
RESPONSABLE:	Vicedirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de cursos, relacionados coas funcións docentes, creados na aula virtual do centro e abertos aos docentes. - Manexo aplicación Xade. - Manexo aplicación Programacións. - Sistema de Xestión da calidade no CIFP. - Tarefas derivadas da función de Titor.						
Valor de partida	0 cursos relacionados co obxectivo.						
Valor previsto e data	4 cursos creados e postos a disposición dos docentes na aula virtual do centro.						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A01.1: Creación dun grupo de traballo para dotar de contidos os cursos.	Xefatura de área CIOP	15/09/2022	Convocatoria e actas.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Elaborar unha proposta de dotación de equipos e ferramentas para elaborar materiais didácticos dixitais.	Coordinador/a de TIC	15/12/2022	Enquisa de necesidades, catálogos técnicos e outros materiais.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Presentación dos cursos ao claustro. Revisión se fose preciso.	Coordinador/a de TIC	01/06/2023	Presentación dixital, guías rápidas de contidos e convocatoria de claustro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción.

O seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre, mediante reunión do grupo de traballo ou o seu coordinador co responsable do obxectivo. Nestas reunións valoraranse o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a súa realización será con posterioridade a data prevista de finalización das accións a desenvolver e revisarse como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2 Propostas de mellora (revisión).

No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será aprobado pola dirección do centro unha vez oído o claustro e será elevado como informe ao Consello Social.

O alumnado será informado na xornada de acollemento, de igual xeito implementaranse as canles de comunicación que se consideren oportunas desde xefatura de estudos para que as persoas titoras manteñan actualizada a información.